

INCLUSIÓN EDUCATIVA

Unha escola para tod@s



As entidades Down de Galicia, traballan conxuntamente cos centros educativos para garantir os apoios necesarios que potencien as oportunidades de aprendizaxe e participación do alumnado coa síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual na vida escolar.

QUE É O MOVEMENTO DOWN?

A nosa razón de ser é mellorar a calidade de vida das persoas coa síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual e das súas familias, a través da súa inclusión educativa, social e laboral, e da utilización dos recursos comunitarios ordinarios. Para que isto sexa posible, damos o apoio necesario ao longo da vida, desde a atención temperá d@s pequen@s ata o envellecemento activo d@s maiores.



QUE É O SERVIZO DE INCLUSIÓN EDUCATIVA?

A súa misión é promover e facilitar a inclusión escolar do alumnado coa síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual na escola ordinaria, a través da presenza, participación e aprendizaxe.

O obxectivo é potenciar ao máximo o desenvolvemento cognitivo, social e persoal, de tal forma que se contribúa a consolidar os coñecementos, habilidades e destrezas que favorecen a inclusión. Isto realízase de forma coordinada cos centros escolares, desde un rol de apoio e asesoramento.

As entidades Down desenvolvemos un proceso de apoio personalizado e reforzo educativo a través de programas que complementen o proceso de ensinanza e aprendizaxe, grazas á coordinación cos centros educativos e cas familias.

Down Galicia ten asinado un convenio coa Consellería de Educación, para favorecer a atención do alumnado coa síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual.

PUNTO VIRTUAL DE DOWN GALICIA

Este portal web inclúe información, recursos e metodoloxías educativas de carácter inclusivo, facilitando así un recurso máis na atención á diversidade presente nas aulas.

Acceso ao Punto virtual: www.downgalicia.org/punto-virtual

Se es docente, comparte o teu material, adaptacións ou recursos enviándoos a downgalicia@downgalicia.org. Entre tod@s construiremos unha escola máis inclusiva!

A INCLUSIÓN, UNHA RESPONSABILIDADE DE TOD@S

Atender á diversidade é recoñecer, valorar, respectar e comprender as diferenzas como algo natural, eliminando as barreiras que impiden a participación e a inclusión. As persoas con discapacidade teñen dereito a ir á mesma escola que os demais: Unha aula accesible, cos apoios e adaptacións que precisen e en igualdade de oportunidades. Sen discriminacións.

AS METODOLOXÍAS INCLUSIVAS

Unha escola inclusiva é aquela na todo o alumnado, independentemente da súas características, pode estar, participar e aprender. Existen diversas metodoloxías inclusivas, como a aprendizaxe cooperativa, aprendizaxe por proxectos, comunidade de aprendizaxe, intelixencias múltiples, etc., coas que todo o alumnado, con ou sen discapacidade, aprende desenvolvendo ao máximo as capacidades individuais, aprende a cooperar mellorando as habilidades sociais e contribúe a que aprendan todos xuntos.



PUNTO VIRTUAL DE EDUCACIÓN

www.downgalicia.org/punto-virtual



PUNTOS DE INFORMACIÓN E ATENCIÓN

Federación Down Galicia

981 58 11 67

www.downgalicia.org

downgalicia@downgalicia.org

Down Vigo

986 20 16 56

www.downvigo.org

downvigo@downvigo.org

Down Pontevedra "Xuntos"

986 86 55 38

www.downxuntos.org

xuntos@downgalicia.org

Down Ourense

988 37 03 13

www.downourense.org

downourense@downgalicia.org

Down Lugo

982 24 09 21

www.downlugo.org

downlugo@downlugo.org

Down Compostela

981 56 34 34

www.downcompostela.org

downcompostela@downcompostela.org

Down Coruña

981 26 33 88

www.downcoruna.org

asociacion@downcoruna.org

"Teima" Down Ferrol

981 32 22 30

www.teimadownferrol.org

teimadownferrol@teimadownferrol.org